

Adaptación: **MANUELA RODRÍGUEZ**

Ilustracións: **ANA SANDE**

Encadernado en cartón. 22x22 cm.

40 páxinas a toda cor.


Dispoñible en:

-Castelán: "El patito feo"
Libros para Soñar. ISBN 978-84-9638-821-5

-Galego: "O patinho feo"
Os contos do trasno. ISBN 978-84-8464-525-2

Prezo: 14 €

O PATIÑO FEO



Era verán. O campo estaba fermoso. Arredor dos campos había bosques e, no máis profundo dos bosques, un gran lago. Alí, nunha vella granxa, unha pata aniñaba os seus ovos.

Para os críticos literarios, "O patinho feo" é unha historia coa que o propio Andersen conta os momentos máis difíciles da súa vida, polas mofas que aturou ata que logrou o recoñecemento como autor. Pertenceu a unha familia humilde e a penas tivo estudos: o seu xogo preferido era un teatriño de títeres, do que xurdiu a súa vocación de dramaturgo. Aos 14 anos trasladouse a Copenhague, soñando con trunfar no teatro, onde foi bailarín, corista e autor de traxedias, ata que o mecenas Jonas Collins lle conseguiu unha praza na escola latina de Slagelse. Eses anos deixáronlle unha pegada imborrable, que plasmou neste conto universalmente coñecido.

Este texto é unha adaptación especial para primeiros lectores. A obra orixinal foi revisada contando coas claves esenciais que caracterizan a oralidade: narración áxil e directa, predominio da acción sobre a descrición... Ademais de "O patinho feo", KALANDRAKA tamén adaptou, deste mesmo autor, a obra "O traxe novo do rei".

HANS CHRISTIAN ANDERSEN

(Odense, Dinamarca, 1805-Copenhague, 1975)

A data do seu nacemento, un 2 de abril, quedou instituído como Día Internacional da Literatura Infantil e Xuvenil. Dos seus contos destaca a beleza literaria, o ambiente poético e a mensaxe emocionada, case sempre relacionada co significado da vida e da morte, a ilusión, a anguria ou o amor.

Fronte ao infortunio que o acompañou na súa mocidade, acabou rodeado de celebridades e foi amigo dos soberanos daneses. Percorreu Suíza, Alemaña, Suecia, Inglaterra, Francia, Italia, Portugal e visitou España en 1862, en compañía de Jonas Sigismund Collin, sucesor do primeiro director que confiara nel.

Aínda que chegou a describir a súa vida como "un conto marabilloso", non chegou a ter fama como dramaturgo, novelista ou poeta; vivencias amargas que impregnaron a súa obra de ironía e certa tristura. En recoñecemento ao seu legado, cada ano entrégase o Premio Hans Christian Andersen a un autor ou autora internacional de literatura infantil.

ANA ISABEL SANDE FERNÁNDEZ

(Santiago, 1965)

Estudou Maxisterio e Belas Artes en Pontevedra. Dende 1996 é profesora de Educación Plástica e Visual. "O patinho feo" foi o seu primeiro traballo para público infantil. A proposta plástica baséase na técnica das tizas de cores e das ceras Manley para conectar dun xeito cercano cos lectores. Os fondos están coloreados de azul, beixe e branco, mentres que os trazos van soltos nos bordes para delimitar -con sombras e claroscuros- as figuras provistas de volume. Sen perder a forma, os personaxes están algo esaxerados: os ollos do protagonista resaltan para darlle máis expresividade. Tamén xoga co punto de vista do lector e do patinho, combinando planos picados e contrapicados. E reflicte o paso do tempo ao plasmar aspectos como o crecemento e os cambios estacionais.

